

7.- RÉXIME INTERIOR

7.1.- REGULAMENTO ORGÁNICO DE RÉXIME INTERIOR DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TITULO PRELIMINAR DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.

O presente Regulamento ten por obxecto regular, ó abeiro do establecido nos artigos 4.1.a), 5.a), 20.1.c), 24, 62 parágrafo segundo, 69.2 e 72 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o réxime organizativo e de funcionamento deste Excmo. Concello, así como articula-los dereitos e deberes que a lexislación atribúe ós membros da Excmo. Corporación e os dereitos de información e participación dos veciños e entidades cidadáns do Municipio.

Artigo 2.

A posición ordinamental do presente Regulamento é a que lle asigna a Resolución do 27 de xaneiro de 1987 –BOE 28.1.87- en relación á Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e ó Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) aprobado por Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro; coa salvidade á que se refire o artigo seguinte.

Artigo 3.

Para o que non contradiga ou sexa incompatible co presente Regulamento, rexerá o ROF citado.

Artigo 4.

Corresponde ó Pleno do Concello dicta-las instrucións interpretativas e aclaratorias da normativa reseñada nos artigos 2 e 3, para a súa aplicación neste Concello.

Artigo 5.

A determinación do número de Concelleiros, o procedemento para a súa elección, a duración do mandato e os supostos de inellexibilidade e incompatibilidade son os regulados na lexislación electoral vixente.

Artigo 6.

A Corporación Municipal de Santiago de Compostela componse, na actualidade de Alcalde e vintecatro Concelleiros. Forma parte tamén da Corporación o Secretario Xeral, con voz nas sesións pero sen voto.

TÍTULO I

ESTATUTOS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

CAPÍTULO I

DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Artigo 7.

Os Concelleiros, en número non inferior a tres, poderán constituírse en grupo político. En ningún caso poderán constituír grupo separado Concelleiros en que pertencen á mesma lista electoral.

Artigo 8.

Todo concelleiro deberá estar adscrito a un grupo político e ningún poderá formar parte de máis de un.

Artigo 9.

Os Concelleiros que non se integren nun grupo político constituírán un grupo mixto, que, por

excepción, pode constituírse con calquera número de Concelleiros.

Artigo 10.

A constitución dos grupos comunicarase mediante escrito dirixido ó Alcalde dentro dos cinco días seguintes á sesión constitutiva da Corporación, no que se fará consta-lo nome de tódolos membros que formen parte do grupo, e se así o desexasen o do seu portavoz, coa indicación de quen substituirá a este en caso de ausencia.

Artigo 11.

O portavoz de cada grupo político será o representante do mesmo para tódolos efectos e integrarase na Xunta de Portavoces. Dita Xunta ten a función de tratar coa Presidencia os asuntos que afecten á ordenación dos da Corporación.

Artigo 12.

Os Concelleiros que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva da Corporación, deberán incorporarse ó grupo político formado pola lista en que foran elixidos. No suposto de que a mesma non acadara número suficiente para formar grupo propio, pasará a integrarse no grupo mixto.

Artigo 13.

Os Concelleiros poderán, durante o seu mandato, apartarse do grupo municipal ó que pertencen, dando conta por escrito ó Presidente da Corporación. Neste caso, poderán integrarse noutro dos grupos xa constituídos ou no grupo mixto.

Artigo 14.

Os grupos políticos poderán facer uso dos locais da Corporación para celebrar reunións ou sesións de traballo con asociacións para defensa dos intereses colectivos xerais ou sectoriais da poboación.

Artigo 15.

O Alcalde establecerá o réxime concreto de utilización dos locais por parte dos grupos da Corporación tendo en conta a necesaria coordinación funcional, e dacordo cos niveis de representación política de cada un deles.

Artigo 16.

Non se permitirá este tipo de reunións coincidindo sesións do Pleno ou da Comisión de Goberno.

CAPÍTULO II

DOS CONCELLEIROS

Artigo 17.

a) Os Concelleiros teñen o dereito e o deber de asistir e participar con voz e voto no Pleno e nos demais órganos municipais dos que formen parte.

Cando concorran causas xustificadas de ausencia a unha sesión dun órgano municipal, os Concelleiros deberán comunicalo con antelación ó Presidente ou Secretario do órgano.

b) Cando se ausenten da cidade por varios días, os Concelleiros, directamente ou por medio do voceiro do seu grupo deberán comunicalo por escrito ó Alcalde

c) Os Concelleiros teñen dereito a recibir, coa antelación legalmente establecida, as convocatorias da sesión dos órganos dos que formen parte.

Artigo 18.

1. Os Concelleiros teñen dereito a acceder á información necesaria para o desenvolvemento da súa función.

As actas e convocatorias serán de libre acceso para os efectos de consulta e obtención de copias.

A consulta de expedientes en trámite, así como a petición de datos ou informes que requiran unha certa elaboración farase por escrito dirixido ó Alcalde ou Concelleiro no que delegue. A Petición de copias ou de acceso á información, entenderase concedida se no prazo de cinco días, contados desde a data da solicitude, non fose resolta e denegada motivadamente.

2. Este dereito só poderá limitarse, total ou parcialmente, nos seguintes casos:

a) Cando o coñecemento ou difusión dos documentos ou antecedentes poida vulnera-lo dereito constitucional ó honor, á intimidade persoal ou familiar e á propia imaxe das persoas.

b) De se tratar de materias relativas á seguridade cidadá, que a súa publicidade puidera incidir negativamente na mesma.

c) Cando se trate de materias clasificadas nos termos da Lei 9/1968, do 5 de abril, modificada pola Lei 48/1978, do 7 de outubro, sobre segredos oficiais.

d) De se tratar de materias amparadas por segredo estatístico ou que incidan no ámbito protexido pola lexislación que limita o acceso ós bancos de datos informáticos.

e) Cando se trate de antecedentes que se atopen incorporados a un proceso xudicial penal, mentres permanezan baixo segredo sumarial.

Artigo 19.

Non obstante ó disposto no número 1 do artigo anterior, os servizos administrativos municipais ou os funcionarios correspondentes estarán obrigados a facilita-la información sen necesidade de que o Concelleiro acredite estar autorizado non seguintes casos:

a) Cando se trate do acceso dos Concelleiros que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión á información propia das mesmas.

b) De se tratar do acceso de calquera Concelleiro á información e documentación correspondente ós asuntos que vaian ser tratados polos órganos colexiados dos que forme parte, así como ás resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal.

c) Cando se trate do acceso dos Concelleiros á información ou documentación do Concello que sexa de libre acceso para os cidadáns.

Artigo 20.

Os Concelleiros terán, en relación co seu traballo extramunicipal e para posibilita-lo exercicio das súas funcións corporativas, os dereitos sinalados nos artigos 74 e 75.4 da Lei 7/1985 (situación administrativa ou laboral, inamobilidade e permiso), e da Lei 19/1984.

Os Concelleiros con dedicación exclusiva serán designados polo Pleno.

Os Concelleiros sen dedicación exclusiva percibirán, de conformidade coas consignacións presupostarias establecidas, asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos municipais dos que formen parte.

Os Concelleiros terán dereito a percibir indemnizacións por razón de servizo no exercicio dos seus cargos.

Tódolos membros da Corporación poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos rectores de organismos dependentes do Concello que dispoñan de Presuposto e financiamento propio, de consellos de Administración de Empresas con capital ou control municipal ou de Tribunais de probas para selección de persoal.

Artigo 21.

Os Concelleiros están obrigados a presentar, antes de tomar posesión e cando se produzan variacións nos datos inicialmente declarados, unha declaración de bens e actividades privadas que supoñan ou poidan ter conexión coa competencia e ámbito de actuación do Concello.

Estas declaracións formarán parte do Rexistro municipal de intereses que se levará e custodiará na Secretaria Xeral do Concello.

Artigo 22.

Os Concelleiros deberán respectar durante o mandato, as incompatibilidades establecidas na lexislación de Réxime Electoral –artigo 178 e concordantes da Lei 5/1985-. Igualmente deberán respectar, se é o caso, o réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/84, artigo 2.5.b) e concordantes, comunicando a Corporación calquera incidencia que lles poida xurdir a este respecto.

Na súa actuación os Concelleiros deberán respectar escrupulosamente o réxime de incompatibilidades e causas de abstención e recusación establecido na lexislación de Procedemento Administrativo –artigo 20 e 21 da LPA- e de contratación vixentes, en tal sentido, deberán absterse de intervir no debate, votación, tramitación e execución de calquera asunto no que se dean os supostos legalmente sinalados de interese persoal, parentesco, amizade ou inimidade manifesta ou relación de servizos dos interesados no procedemento.

TITULO II

ORGANOS DO CONCELLO

SECCIÓN 1ª - ORGANOS NECESARIOS

CAPÍTULO I

DO ALCALDE

Artigo 23.

O Alcalde preside a Corporación e ostenta as atribucións enumeradas no artigo 21 da Lei 7/85, artigos 15 e 18 a 21 e 24 do Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/86 e artigos 40 a 45 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais vixente, así como as demais que expresamente se lle atribúan legal ou regulamentariamente e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ó

Municipio sen atribuí-las a ningún órgano concreto do concello.

Artigo 24.

Na sesión de elección do Alcalde, os Concelleiros que presenten a súa candidatura deberán expresalo antes de se inicia-la votación e poderán expoñer polo tempo que determine a mesma un resumo do seu programa de goberno antes da votación.

Artigo 25.

Corresponde ó Alcalde como atribución indelegable e non termos do artigo 71 da Lei 7/85 a convocatoria das consultas populares municipais.

CAPÍTULO II

DOS TENENTES DE ALCALDE

Artigo 26.

Os Tenentes de Alcalde están regulados polo que determinan os artigos 46, 47 e 48 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

CAPÍTULO III

DO PLENO

Artigo 27.

O Pleno é órgano de inexcusable existencia no Concello e intégrase polo Alcalde que o preside e tódolos Concelleiros, e o Secretario da Corporación quen terá voz pero non terá voto.

Artigo 28.

Corresponde ó Pleno as atribucións enumeradas no artigo 22 da Lei 7/ 1985 e nos artigos 50 e 51 do Regulamento de Organización, así como as demais que expresamente se lle atribúan legal ou regulamentariamente.

CAPÍTULO IV

DA COMISIÓN DE GOBERNO

Artigo 29.

A Comisión de Goberno intégrase polo alcalde que a preside e os concelleiros nomeados libremente por el como membros da mesma.

Artigo 30.

A organización e atribucións da Comisión de Goberno vén reguladas no artigo 23 da Lei 7/85, artigo 22 do TRRL aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/86 e artigos 52 e 53 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais disposicións concordantes.

SECCIÓN 2ª - ORGANOS COMPLEMENTARIOS

CAPÍTULO I

Artigo 31.

Os Concelleiros-Delegados son aqueles concelleiros que ostentan algunha das delegacións de atribucións do Alcalde previstas no artigo 21 da Lei 7/85 e artigo 43 do ROF.

Artigo 32.

Os concelleiros-Delegados terán as atribucións que se especifiquen no respectivo Decreto de delegación e as exercerán dacordo co mesmo e nos termos previstos no artigos 43, 44, 114.1 e .3, 115, 116, 117, 118, 120 e 121 do ROF.

Artigo 33.

As delegacións poderán ser permanentes ou circunstanciais.

As delegacións permanentes que serán de natureza funcional, permitirán ó Delegado, o desenvolvemento das atribucións de iniciativa ou xestión que conveñan para a consecución dos obxectivos corporativos. A Alcaldía determinará en cada caso, o ámbito funcional e o alcance da delegación.

As delegacións circunstanciais outorgaranse polo Alcalde para o desenvolvemento de actuacións concretas, ou asistencia a actividades determinadas.

CAPÍTULO II

DA XUNTA DE PORTAVOCES

Artigo 34.

Constitúese a Xunta de Portavoces como órgano de consulta e negociación política para auxilia-lo funcionamento da Corporación e Alcaldía.

Artigo 35.

A Xunta de Portavoces integrarase polos portavoces dos grupos municipais e o Alcalde ou Tenente de Alcalde no que delegue, que a presidirá. Poderán asistir á mesma, pero sen voto, os Concelleiros ou Funcionarios que fosen convocados pola Alcaldía.

Artigo 36.

A Xunta de Portavoces poderá ser convocada polo alcalde e a petición da metade máis un dos grupos municipais existentes, os seus dictames adoptaranse mediante voto ponderado.

CAPÍTULO III

DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Artigo 37.

As comisións informativas son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos.

Artigo 38.

O Alcalde será o Presidente nato de todas elas, non obstante, a presenza efectiva poderá ser delegada en calquera membro da Comisión a proposta da mesma, trala correspondente elección efectuada no seu seo. Poderá designarse un representante que o substituirá no caso de ausencia ou enfermidade e non asistencia do Alcalde. A Secretaría da Comisión corresponde ó Secretario Xeral da Corporación ou funcionario do servizo no que delegue.

Artigo 39.

Para a regulamentación e funcionamento das comisións informativas rexerá o previsto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Regulamento de Organización vixente.

Artigo 40.

As sesións das Comisións informativas non son públicas, pero nas súas reunións poderán estar presentes a xuicio do presidente, veciños ou entidades cidadáns co único obxectivo de expoñer e defende-las peticións formuladas previamente e referentes a temas concretos, debendo de abandonar-la reunión antes de que a comisión formule a proposta de dictame para someter á votación.

CAPÍTULO IV

Artigo 41.

A Comisión especial de contas actuará como Comisión informativa permanente para os asuntos relativos á Economía e Facenda da Entidade.

TÍTULO III

FUNCIONAMENTO DOS ORGANOS NECESARIOS

CAPÍTULO I

FUNCIONAMENTO DO PLENO

SECCIÓN 1ª - DOS REQUISITOS DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS

Artigo 42.

1. O Alcalde abrirá a sesión e o Secretario comprobará a existencia do quórum necesario para que poida comezar.

2. Cando transcorra media hora da sinalada para a celebración da sesión sen que se consiga o quórum de asistencia necesario, o Alcalde dará o acto por intentado e disporá que polo Secretario se extenda unha dilixencia na que se consignen os nomes dos concorrentes e dos que se excusasen.

Artigo 43.

Os requisitos para a celebración das sesións veñen determinados nos artigos 46 da Lei 7/85, 46 e seguintes do TRRL e 77 a 90 do Regulamento de Organización.

Artigo 44.

O público asistente ás sesións non poderá intervir nesta, non obstante, e despois de levantada a sesión os membros da Corporación, con autorización do Alcalde, poden establecer un turno de consultas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal.

Artigo 45.

Ninguén poderá, sen estar expresamente autorizado polo Alcalde, realizar gravacións gráficas ou sonoras, tomar fotografías, etc., logo de comezada a sesión.

SECCIÓN 2ª - DOS DEBATES

Artigo 46.

Para a organización, funcionamento e regulación dos debates rexerá o que determinan os artigos 91 e seguintes do ROF vixente.

Artigo 47.

a) Os debates iniciaranse coa intervención do proponente do tema a tratar, para a súa presentación, por un tempo máximo de dez minutos, podendo responder ós distintos grupos unha vez rematado cada turno cunha duración non superior ós cinco minutos por cada grupo.

b) Os diversos grupos consumirán un primeiro turno de intervencións, de consideralo conveniente, mediante os seus portavoces, por orde inversa ó número de representantes na Corporación e facéndoo en primeiro lugar o grupo mixto.

A intervención por cada grupo neste primeiro turno levarase a cabo por un tempo máximo de dez minutos. Se o solicitase algún grupo, procederase a un segundo turno, cunha duración que non excederá dos cinco minutos por cada un.

c) Nos asuntos da orde do día, que pola súa complexidade requiriran máis tempo do previsto nos apartados anteriores, a Xunta de Portavoces poderá propoñer á Presidencia e con anterioridade á iniciación da sesión, un tempo superior de exposición no Pleno, que permita a presentación e defensa detallada do asunto a debater.

Artigo 48.

Os rogos e preguntas poderanse efectuar oralmente ou por escrito e faranse respectivamente perante a Alcaldía antes do comezo da sesión e na Secretaría por escrito, unha hora antes, como mínimo, do comezo da sesión determinado na convocatoria.

SECCIÓN 3ª - DAS VOTACIÓNS

Artigo 49.

Debatido o asunto, cando o Alcalde o considere suficientemente discutido, ordenará a votación.

Artigo 50.

Para a votación e a súa regulación rexerá o disposto nos artigos 98 e seguintes do ROF e 47 da Lei 7/85.

CAPÍTULO II

FUNCIONAMENTO DA COMISION DE GOBERNO

Artigo 51.

Para o funcionamento da Comisión de Goberno rexerá o previsto no artigo 112 do ROF.

TÍTULO IV

MODIFICACIÓN DESTE REGULAMENTO ORGÁNICO

Artigo 52.

A iniciativa de reforma deste Regulamento Orgánico pode partir do Alcalde ou da cuarta parte, alomenos, dos Concelleiros.

A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación por maioría absoluta do Pleno da Corporación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O número de Concelleiros que se esixe no artigo 7 deste Regulamento para a constitución de grupo político, quedará en suspenso ata a constitución da nova Corporación.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.

Para o non previsto neste Regulamento e sempre que non contradiga ou sexa incompatible rexerá o disposto na vixente Lei 7/85, Texto Refundido de Réxime Local aprobado polo RD Lexislativo 781/86; Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo RD 2568/86 e demais disposición de pertinente aplicación, tendo en conta a orde establecida no artigo 5 da referida Lei 7/85.

Segunda.

O presente Regulamento entrara en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, data a partir da cal quedará expresamente derogado o Regulamento Orgánico de maio de 1986 vixente.